

1984-85

SOCIETAT LITERÀRIA

Lema: ROSA DE MARIBLA

O pobo de Begonte, nesta noite sagrada,
ós pés do Neno Dios, exulta de esperanza.

O vento cruza as fragas asubiendo cantigas
e o Iadra nos caneiros ensaia canxolíñas
desfiñase
A néboa ~~descónsolo~~ e vai en procesión
por estradas e corgas ~~xxxx~~ deica o berce de Dios.
Milagreiras mapoulas e roibos estraloques
arrecenden pró Rulo os aromas más doces
e a lúa e as estrelas, que relucen na chaíra,
tecen feixes de nácar, zafiros e esmeraldas.

O pobo de Begonte, nesta noite sagrada,
ós pés do Neno Dios, exulta de esperanza.

Namentres en Begonte, como en Belén noutrora,
os fieles cren na paz e de gozo reloucan,
o mundo, adoecido por guerras e liortas,
semella un suicida cavando a propia fosa.
Que en troques de atender á divina ~~máxima~~ mensaxe
que anuncia o Dios Meniño -Amor, Paz, Irmandade-
o sangue empapa a terra e a técnica confunde
os vezos animais con Bondade e Virtude.

O pobo de Begonte, nesta noite sagrada,
ós pés do Neno Dios, exulta de esperanza.

.....

.....